

Para cooperarmos cómpre termos confianza nos demais

Láminas 7 e 8

Cooperar significa un compromiso recíproco: cada quen comprométese cos seus propios obxectivos e tamén cos dos demais. Para que as relacións de cooperación funcionen, cada un debe confiar nas capacidades e na vontade dos demais para se facer cargo do compromiso común.

Obxectivos

Experimentar como un valor as achegas de todos os membros do grupo.

Potenciar a confianza nos compañeiros e nas compañeiras.

Proposta de dinámica: paseo de narices

Trátase de facer pasar unha caixa de mistos dun nariz a outro.

- *Material:* a cuberta dunha caixa de mistos, de tamaño normal, para que o nariz caiba nela.
- *Desenvolvemento:* colocados en círculo, comeza a profesora ou o profesor metendo o nariz na caixa. Sen empregar ningunha outra parte do corpo, ten que conseguir pasarlla ao nariz da persoa da súa dereita. Así sucesivamente ata percorrer todo o círculo.

Traballo de reflexión e avaliación

Confiabamos en que a caixa ía chegar a dar toda a volta?

Como superamos as dificultades?

Que foi o que máis nos gustou do xogo?

Que relación hai entre o xogo e o que pasa nas láminas?

Fonte: Seminario de Educación para la Paz. Asociación Pro Derechos Humanos. "La alternativa del juego [2] Juegos y dinámicas de educación para la paz". Ed. La Catarata, Madrid, 2003.



¿Como imos construír unha torre humana? (Lamina 7)

Estamos nun campamento cun monitor de tempo libre propóndonos que fagamos grupos para a seguinte actividade, que vai consistir en construír unha torre humana.

No grupo que nos tocou hai un par de nenos (un neno e unha nena) que parecen pouco áxiles e fortes para facer a torre, polo que os demais os miran con moi pouca confianza. O neno semella ser demasiado feble, baixiño, fraquiño e sen forzas. A nena parece gordiña e pouco capaz de gabear nin de facer pirueta ningunha.

A forma pouco esperanzada en que os outros miran estes dous nenos failles sentirse a eles mesmos aínda máis febles. Parece como se as olladas lles transmitisen inseguridade e fixesen aínda máis fondas as súas eivas.



Entre todos, a torre humana é un feito (Lámina 8)

A torre humana é un feito. A nena gordiña conseguiu ocupar o segundo “andar”, e está moi contenta alí arriba, recibindo as miradas de apoio e satisfacción dos demais. Pola súa banda, o neno que parecía máis feble recibe tamén o apoio e a confianza dos dous que ten ao lado, soportando entre os tres a base da torre. Un dos que na lámina anterior se mostraba máis desesperanzado vai ocupar o posto máis alto da torre con aire triunfante, como quen fai o cumio do Everest.